

**PIÑEIRO, Chano.** Nome artístico do director e guionista de cine Luciano Manuel Piñeiro Martínez, que naceu en Santiago de Compostela (A Coruña), o 12 de outubro de 1954. Pasou a súa nenez na vila pontevedresa de Forcarei, onde seu pai rexentaba unha botica, e, despois de estuda-lo bacharelato no colexio San Narciso de Marín (Pontevedra), licenciouse en Farmacia pola universidade compostelá.

A súa carreira cinematográfica iniciouse nos anos 70, cando escribiu e rodou a curtametraxe en Súper 8 *Os paxaros morren no aire* (1977), baseada en *Sempre en Galiza*, de Castelao, que recibiu o premio ó mellor guión no certame de cine aficionado de Vilagarcía de Arousa (Pontevedra, 1978) e o Quixote de Honra e o segundo premio no Festival de Alcalá de Henares (Madrid, 1978). Uns anos despois dirixiu unha das primeiras longametraxes galegas de ficción, *Eu, o tolo* (estreada en 1982), que tivo unha menor repercusión. Despois da fundación da produtora Piñeiro, SA, iniciou a rodaxe en 35 mm coa curtametraxe *Mamasunción* (1984), coa que acadou un notable éxito, xa que lle outorgaron o Gran Premio do Cine Español e Trofeo do Instituto de Cooperación Iberoamericano no XXVI Festival de Bilbao (1984), a mención de honra do xurado internacional e Premio da Crítica no Festival de Oberhausen (Alemaña, 1985), o segundo lugar na votación popular do Festival de Sidney (Australia, 1985), o premio da Federación Internacional de Cineclubs no Festival de Cracovia (Polonia, 1985), o Gran Premio de Curtametraxes no Festival de Figueira da Foz (Portugal, 1985) e o Gran Premio do Festival de Tetuán (Marrocos, 1986). En 1986 realizou *Esperanza*, unha película de ambiente urbano na que se achegou

ó tema do alcolismo, pero a obra cume do director galego foi *Sempre Xonxa* (1989), a súa primeira longametraxe en formato profesional, que se estreou a principios dos 90 de forma simultánea nas principais cidades galegas, con notable éxito de público e de crítica, e coa que percorreu diversos países europeos e americanos, sendo seleccionada para participar nos certames de Cannes, Montreal, A Habana e Chicago, entre outros. A súa filmografía complétase con *O camiño das estrelas* (1993), o seu derradeiro filme, realizado co gallo da celebración do ano xacobeo. O seu traballo como escritor foi recollido en *Conversas co vento* (1994), unha recompilación de artigos publicados na prensa con anterioridade. Chano Piñeiro faleceu en Vigo (Pontevedra), o 21 de marzo de 1995.

Entre outros recoñecementos, acadou o Premio da Crítica de Galicia (1985); en 1986 outorgáronlle o premio honorífico da Asociación Galega de Productoras Independentes (Agapi); a título póstumo, a Xunta de Galicia concedeulle a Medalla de Prata de Galicia (1995); e, entre 2001 e 2002, os máximos premios do audiovisual galego, na actualidade denominados Mestre Mateo, levaron o seu nome.


**PIÑEIRO DE ABAIXO.** Lugar da parroquia (San Vicente) e concello de Boqueixón (A Coruña).

- Aldea da parroquia de Carelle (San Lourenzo), concello de Sobrado (A Coruña), que rexistra 12 habitantes e dista 5 quilómetros da capital municipal.
- Aldea da parroquia de Rioaveso (Santa Illa), concello de Cospeito (Lugo), que ten 24 habitantes e dista 4 quilómetros da capital municipal.

**PIÑEIRO DE ABAIXO, O.** Aldea da parroquia de Sendelle (Santa María), concello de Boimorto (A Coruña), que suma 33 habitantes xunto co Piñeiro de Arriba e dista 4,5 quilómetros da capital municipal.

**PIÑEIRO ALONSO, Teodoro.** Escritor e técnico de organización e asesor fiscal e laboral que naceu en Vigo (Pontevedra), o 28 de xullo de 1950. Foi cofundador, presidente, vicepresidente e animador cultural do Centro Cultural de Valadares da cidade viguesa e, en 1973, cofundou o grupo teatral Escoitade (de Vigo), que dirixiu entre 1974 e 1991 e para o que escribiu diversas obras.

O seu labor no campo teatral é moi amplio, xa que escribiu pezas como *História de unha reconquista contada á miña maneira* (1976), *O derradeiro xuízo* (1979), *A bruxa fidalga na horta do lagar* (1980), *Queda terminantemente prohibido o suicidio* (1981) e *O milagre do torreiro de Quintián* (1985); realizou a versión e a tradución doutras, entre as que sobresaen *Un home, un pobo*, de Ibsen, *O cobizoso*, de Molière, e *As portas pechadas*, de Jean-Paul Sartre; e dirixiu unha



Teodoro Piñeiro Alonso

gran parte delas, sobre todo para a agrupación Escoitade. En 1983 pasouse ó medio audiovisual e foi o autor do guión e dirixiu a curtametraxe *Livia*.


**PIÑEIRO DA ALTA, O.** Aldea da parroquia de Entrecruces (San Xens), concello de Carballo (A Coruña), que ten 2 habitantes e dista 12 quilómetros da capital municipal.

**PIÑEIRO DE ANDRADE.** Apelido de orixe galega. Entre os membros desta estirpe figura Juan Antonio Piñeiro de Andrade y Saavedra, natural de Sillobre (Fene, A Coruña), que fixo provisión da súa fidalgúia na Real Chancillería de Valladolid, en 1732. As súas armas son, en campo de prata, cinco piñeiros de sinalple que aparecen arrincados e colocados en aspa; na parte superior do escudo, que é de sinople, leva unha banda de goles que está perfilada de ouro e sae das bocas de dous animais do mesmo metal. (Eduardo Seijas Vázquez)

**PIÑEIRO DE AREAS, O.** Lugar da parroquia do Piñeiro (San Xoán), concello de Covelo (Pontevedra).

**PIÑEIRO ARES, José.** Mestre, político e escritor que naceu no concello de Pontecesures (Pontevedra), o 7 de outubro de 1927, e faleceu neste mesmo termo, o 10 de decembro de 2001. Foi cronista oficial (dende 1953) e alcalde (1970-95) do seu municipio natal. Pertencente á chamada xeración literaria de La Noche, traballou como correspondente en varios xornais e revistas da comunidade, como *El Ideal Gallego*, *Faro de Vigo*, *La Voz de Galicia*, etc., e foi colaborador doutras publicacións españolas e sudamericanas.

Escribiu numerosas obras, entre as que sobresaen *Historia de Pontecesures* (1972), *Cerámica de Pontecesures*



Chano Piñeiro, director e guionista de cine.